



FOLLA EUCARÍSTICA 2026

Declara a **GUERRA á FAME**

Manos Unidas
CAMPAÑA CONTRA EL HAMBRE

O domingo 8 de febreiro, é a Xornada Nacional de Manos Unidas. Para a liturxia deste día, propoñemos a celebración da Eucaristía "Pola paz e a xustiza" (Misal Romano, Misas por diversas necesidades, nº 30, pp.1042-1044). Proclamaremos as lecturas do V domingo do Tempo Ordinario (ciclo A)

MONICIÓN DE ENTRADA

Hoxe convidásemos a acabar coa violencia e acoller o don da paz, anhelo profundo do corazón, pero, sobre todo, don de Dios que queremos cultivar nas nosas vidas e comunidades.

Pero, falar de paz significa tamén construír un desenvolvemento xusto, inclusivo e sostible que poña fin a secuelas como a fame e a pobreza; a emigración forzosa; a explotación; a infancia rota polo abandono; a violencia...

Estamos chamados a ser instrumentos de paz; isto implica promover a xustiza, a reconciliación e o amor nas nosas vidas.

ORACIÓN COLECTA

(Misal Romano, páxina 1.043)



MONICIÓN ÁS LECTURAS

Primeira Lectura: Na lectura do profeta Isaías, Deus chámamos a compartir o noso pan cos famentos e a acoller aos pobres.

Segunda Lectura: San Paulo fala da importancia de predicar o Evanxeo con humildade e amor, confiando na sabedoría de Dios e non na dos homes.

Evanxeo: Xesús chámamos a ser sal e luz, a vivir de tal maneira que as nosas obras glorifiquen o Pai.

ORACIÓN DOS FIEIS: Señor, danos a túa paz

Celebrante: Irmáns e irmás, presentemos nosas súplicas ao Señor, pedindo pola paz no mundo e nos nosos corazóns.

- **Pola Igrexa:** Que o Señor nos conceda a graza de ser signo de paz e reconciliación no mundo, e que os seus membros vivamos en harmonía e unidade. **Oremos.**
- **Polos gobernantes:** Que o Señor os ilumine para que terminen cos conflitos e as guerras, e traballen pola xustiza, a paz e o ben común. **Oremos.**
- **Polas vítimas da violencia:** Que o Señor console os que sofren pola violencia, a guerra e a inxustiza e concédalles a forza para superar a dor e a esperanza dun futuro mellor. **Oremos.**
- **Por quen traballa pola paz:** Que o Señor dea fortaleza a Mans Unidas e a quen traballa pola paz, a reconciliación e a xustiza, para que non se desanimen e persistan neste necesario labor. **Oremos.**
- **Por nós:** Que o Señor nos conceda a graza de ser instrumentos de paz sempre e en todo lugar. **Oremos.**

Celebrante: Oh Deus, Pai de misericordia, escoita as nosas oracións e concede a paz ao teu pobo. Por Xesucristo o noso Señor. Amén.





PIXABAY

MONICIÓN Á COLECTA

A colecta destinarase integramente a apoiar o traballo de Manos Unidas. Moitas grazas pola vosa xenerosidade.

PRESENTACIÓN DE OFRENDAS

Xunto ao pan e o viño ofrecemos unha pomba (debuxo ou imaxe) e unha rama de oliveira, signos de paz.

ORACIÓN SOBRE AS OFRENDAS

(Misal Romano, páxina 1043)



ORACIÓN DESPOIS DA COMUÑÓN

(Misal Romano, páxina 1043)



SUXESTIÓNS PARA A HOMILÍA

▲ A nosa mirada diríxese cara á paz, desexo que habita no corazón de cada ser humano. A paz non é só a ausencia de guerra, é un estado de harmonía, xustiza e fraternidade entre as persoas e os pobos que anhelamos construír xuntos.

▲ Vivimos nun mundo marcado por, a desigualdade e a inxustiza. A guerra, a violencia de todo xénero, a pobreza, a discriminación e a falta de oportunidades son realidades que nos confrontan e obrígnanos a reflexionar sobre o noso compromiso coa paz.

▲ Actualmente hai unhas 56 guerras abertas no mundo, con 92 países involucrados, sendo a administración dos recursos naturais o factor número uno dos conflitos no planeta.

▲ A Palavra de Dios fálanos da paz unida indisolublemente á xustiza. E o Maxisterio de la Igrexa insiste en que a paz é procura de xustiza (Pío XII e Xoán XXIII). Construción dun mundo querido por Deus (Paulo VI). Froito da solidariedade e dunha auténtica reconciliación entre os pobos (Xoán Paulo II). Necesidade dunha «paz desarmada e desarmante». (León XIV).

▲ Ser sal e luz do mundo é vivir cun propósito marcado pola compaixón e a misericordia que nos leva á entrega e o compromiso coas vítimas da violencia.

▲ Estamos chamados a erradicar a violencia e a ser construtores de paz, sabendo que a paz non é un ideal inalcanzable, é unha tarefa permanente que teremos que asumir con responsabilidade e compromiso.

▲ Accións para a paz:

- ✓ Promover o diálogo e a reconciliación.
- ✓ Loitar pola xustiza social.
- ✓ Cultivar a cultura do encontro.
- ✓ Ser axentes de paz na nosa contorna.
- ✓ Colaborar coas iniciativas que promoven a paz e a reconciliación.

▲ A paz é un don que habemos de coidar e construír xuntos. Que a paz de Cristo reine nos nosos corazóns e que sexamos instrumentos de paz.

MONICIÓN FINAL DE INVITACIÓN Á TAREFA

Sede artesáns da paz traballando pola reconciliación, para contribuír a erradicar a pobreza, a fame e a desigualdade.



PIXABAY

Día do Xaxún Voluntario

Venres, 6 de febreiro de 2026

Xornada Nacional de Manos Unidas

Domingo, 8 de febreiro de 2026



Mais materiais de Formación Cristiá en:
manosunidas.org/sensibilización-parroquias